

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de setembro de 2021**
Ás 17.00 horas do día 15 de setembro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de
Transparencia e Administración Provincial, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa
asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se
reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE XULLO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria
do día 21 de xullo de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 21 de xullo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- COMPRAVENDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DUNHA (1) ACCIÓN DA SOCIEDADE "EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA SA, SME, MP (TRAGSA)".

O presidente da comisión dá conta do contido da proposta.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, pregunta por que se compra só unha acción e non máis.

O **presidente da comisión** responde que unha é suficiente para habilitar a esta sociedade para que poida ser utilizada como medio propio da Deputación se fose necesario.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que esta empresa pública do Estado, ao igual de Seaga da Xunta de Galicia, permite executar obras con maior axilidade en supostos de urxencia ou catástrofes, polo que apoiará a proposta.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, indica que se trata dunha ferramenta máis da que disporá a Deputación para poder executar obras ou servizos alí onde non cheguen os recursos propios.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada e do deputado non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. A adquisición pola Deputación Provincial de Ourense dunha (1) acción de TRAGSA Sociedade Anónima, Sociedade Mercantil Estatal, Medio Propio, á Administración Xeral do Estado, por un valor de oito mil cento noventa e oito euros (8.198 €).

2º. Autorizar e comprometer o gasto, recoñecer a obrigaación e ordenar o pago.

3º. Adherirse aos Estatutos da sociedade TRAGSA, os cales constan incorporados ao expediente electrónico de referencia.

4º. Autorizar ao Presidente para a sinatura da escritura da citada compra, así como á realización de cantos actos e trámites sexan necesarios para a execución do presente acordo.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º .- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que solicitara no último Pleno información sobre o proxecto, e se puidese ser acceso a este, do albergue que a Xunta está a executar no entorno do Mosteiro de Oseira e que non obtivo contestación.

O **presidente da comisión** indica que fará as xestións para que esa información sexa facilitada á maior brevidade posible.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, indica que xa hai un ano que solicitaron o acceso ao expediente de innivación da estación de montaña de Manzaneda. Indica que se lle remitiu á sociedade Meisa e que a día de hoxe aínda non obtiveron resposta.

O **presidente da comisión** indica que se informará de como está o asunto.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica tamén, en relación con Meisa, que solicitaron acceso ao expediente de adxudicación da concesión da dita estación e que se lles remitiu ao Consello de Administración, do que tampouco obtiveron resposta a día de hoxe.

O **presidente da comisión** indica que procederá a trasladar a dita solicitude.

E, ás 17.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.